

Universidade de Vigo -
Registro XeralSaída Nº. 201600014887
15/09/2016 12:10:52**RESOLUCIÓN XERENCIAL SOBRE O ANTICIPO DA ANUALIDADE 2016 PARA AS AGRUPACIÓNS ESTRATÉXICAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

I.-O pasado 31 de agosto do 2016 (DOG nº 164) a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do SUG, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

II.-No artigo 3.-Beneficiarios establece que *“poderán ser beneficiarias das axudas desta orde as universidades do SUG e destinaranas aos centros singulares de investigación e ás agrupacións estratéxicas consolidadas, de acordo coa categoría que acaden as propostas presentadas nesta convocatoria.”*

III.-O SUG ten recoñecidas no ano 2016 (tal e como mostra o antigo convenio de Agrupacións Estratéxicas) un total de 8 agrupacións estratéxicas que poderían acudir a esta convocatoria. No artigo 25 da convocatoria do ano 2016 establece un orzamento de 2.000.000€ para centros singulares e 600.000€ para agrupacións estratéxicas.

IV.-O total do orzamento exposto no artigo 25 coincide cun total de 5 centros singulares e 3 agrupacións estratéxicas, o que implica que o único que se vai a decidir nesta convocatoria é a clasificación das antigas 8 agrupacións estratéxicas entre Centros singulares e Agrupacións estratéxicas. Polo tanto estímase que o risco de non conseguir a adxudicación de agrupación estratéxica é mínimo.

V.-A Universidade de Vigo conta cun remanente de libre disposición que se pode utilizar para poder facer fronte a gastos non contemplados no orzamento do exercicio e que se consideren necesarios para a institución. Segundo o artigo 6 da convocatoria, será elexibles os gastos dende a data de 1 de xaneiro de 2016.

Por todo elo

ACORDA

Utilizar a cantidade de 559.500,00 € do remanente de libre disposición para a dotación da anualidade 2016 das tres seguintes agrupacións estratéxicas da Universidade de Vigo a razón das seguintes cantidades:

INBIOMED		
INB1-131H		
641.02.01	axudas de custo e locomocion	10.000,00 €
641.02.02	funxible de laboratorio	82.000,00 €
641.02.03	outros gastos de execución - servizos externos	41.000,00 €
641.02.06	equipamento científico	10.000,00 €
641.02.09	outros gastos de investigación	5.250,00 €
641.02.011	persoal	45.000,00 €
	TOTAL	193.250,00 €
CIA		
CIA1-131H		
641.02.01	axudas de custo e locomocion	10.000,00 €
641.02.02	funxible de laboratorio	21.250,00 €
641.02.03	outros gastos de execución - servizos externos	20.000,00 €
641.02.09	outros gastos de investigación	5.000,00 €
641.02.011	persoal	125.000,00 €
	TOTAL	181.250,00 €
AEO-ECIMAT		
AEO1-131H		
641.02.01	axudas de custo e locomocion	15.000,00 €
641.02.02	funxible de laboratorio	40.000,00 €
641.02.03	outros gastos de execución - servizos externos	30.000,00 €
641.02.011	persoal	100.000,00 €
	TOTAL	185.000,00 €

En Vigo a 15 de setembro de 2016



Manuel Fernández Jauregui
Xerente
Universidade de Vigo

A/A Vicerreitoría de Investigación e Transferencia
A/A Vicexerente de Xestión Económica e Servizos Xerais
A/A Xefe do Servizo de Apoio á Investigación
A/A Xefa do Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesorería
A/A Administradoras de ámbito Científico, Tecnolóxico e Campus Norte Ourense.